



Nós fomos á Romaxe do 2019, á Madalena en Vilalba, por iso prestamos o noso testemuño

→ Grupo de Ferrol Terra

«I onde vai aquil romeiro, meu romeiro a donde irá?
Os pés leva cheos de sangue, xa non pode máis andar.
Malpocado! Probe vello! Non sei se alí chegará!»
–«I onde ides meu romeiro, onde queredes chegar?
Cóllase a min meu velliño, vamos xuntos camiñar.
Eu son trobeiro das trobas da Virxe de Bonaval.»
–I eu chámome don Gaiferos de Mormaltán»

A identidade do xograr que fala con don Gaiferos fica latente. Pero desde 1137, vai ser a súa compañía e axuda no seu camiño vagaroso polas terras da Galicia. Non fallan a ningunha romaxe, nin festa, nin romaría. Quen é o tal? O mesmo apóstolo Santiago.

Aquel venres chegaron aínda con noite pecha e acubilláronse a carón do Mosteiro de Sobrado. E ao amencer comezou a XLI Romaxe. Setembro 2018. E ao final o Ramo caeu para Ferrol Terra. Desde ese mesmo intre sempre estiveron axexando e á pescuda. Gustan de seguiren os procesos máis que de faceren un relato de actos illados. Por iso o trobeiro, como experto, vai pór harmonía nesta nosa revista de repaso e avaliación. Nós, un grupo, desde Ferrol Terra, opinamos así:

1.- A cara oculta da lúa. O 3 de xaneiro de 2019 os chinos conseguiron alunizar nese hemisferio descoñecido cunha sonda espacial. Agora cómpre ir avanzando paseniño. Nós faremos iso mesmo, marcándonos uns puntos referenciais claros atendendo sempre ao contrapunto. Queremos deixar testemuño moi claro de